

comisión un acordo de subministración en exclusiva de carburantes e combustibles cun distribuidor por xunto, terán dereito, desde a dita entrada en vigor, á adaptación das cláusulas do contrato ó réxime de venda en firme, respectando o seu contido económico; para este efecto proporán a correspondente negociación, que non poderá dar lugar, en ningún caso, por esta causa, á rescisión ou resolución destes contratos, nin á interrupción do cumprimento da obriga de subministración en exclusiva nin de ningunha outra.

Disposición transitoria décimo terceira. *Autorizacións anteriores.*

As autorizacións concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente disposición en virtude do establecido nos artigos 7 e 8 da Lei 34/1992, do 22 de decembro, de ordenación do sector petrolero, manteranse vixentes e producirán plenos efectos sen necesidade de ratificación.

Disposición transitoria décimo cuarta.

A transformación a que se refire o artigo 77.3 da presente lei será autorizada pola Administración competente en cada momento con independencia de que a autorización orixinal fose dunha Administración distinta a aquela.

Disposición transitoria décimo quinta. *Distribución de gas natural.*

Sobre a zona de distribución de gas natural dunha concesión que, de acordo coa disposición adicional sexta da presente lei, devíñese en autorización, non poderán concederse novas autorizacións para a construción de instalacións de distribución durante un período equivalente ó tempo de vixencia da concesión orixinal cun máximo de quince anos desde a entrada en vigor da lei; neste período, as empresas autorizadas deberán cumprir-las obrigas de servizo público de desenvolvemento e extensión das redes, impostas en virtude da concesión, e agás saturación da capacidade das súas instalacións. Todo iso sen prexuízo do previsto no artigo 78 da presente lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria segunda, á entrada en vigor da presente lei quedan derogadas:

- a) A Lei 21/1974, do 27 de xuño, sobre investigación e explotación dos hidrocarburos.
- b) A Lei 10/1987, do 15 de xuño, de disposicións básicas para un desenvolvemento coordinado de actuacións en materia de combustibles gasosos.
- c) A Lei 34/1992, do 22 de decembro, de ordenación do sector petrolero.
- d) Os artigos 25 a 29, ámbolos dous incluídos, do Real decreto-lei 7/1996, do 7 de xuño.
- e) O artigo 86.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e disposicións concordantes, no que se refiren á subministración de gas.
- f) Os artigos 6, 7 e 8 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.
- g) Calquera outra norma legal ou regulamentaria en canto se opoña ó disposto na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Carácter da lei.*

1. Esta lei ten carácter básico, de acordo co establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución.

2. Exclúense deste carácter básico as referencias ós procedementos administrativos, que serán regulados pola Administración competente, axustándose en todo caso ó establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As disposicións da presente lei relativas ó réxime de comercio exterior de cru de petróleo e produtos petrolíferos e a expropiación forzosa e servidumes dícantase en exercicio das competencias atribuídas ó Estado no artigo 149.1.8.<sup>a</sup>, 10.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución.

Os preceptos do título II relativos a exploración, investigación e explotación de hidrocarburos son de aplicación xeral, ó abeiro do previsto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, aprobará mediante real decreto as normas de desenvolvemento da presente lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que garden e fagan gardar esta lei.

Madrid, 7 de outubro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**23510** REAL DECRETO-LEI 14/1998, do 9 de outubro, de adhesión de España a diversos acordos do Fondo Monetario Internacional. («BOE» 243, do 10-10-1998.)

Nestes últimos meses o sistema financeiro e monetario internacional estase a ver afectado por frecuentes perturbacións, resultado fundamentalmente da inestabilidade financeira dalgúns países que se encontraron con dificultades para afrontar os seus compromisos internacionais, que, en opinión das principais institucións económicas internacionais, se está a agravar nas últimas semanas, afectando de modo cada vez máis evidente sobre a capacidade de crecemento futuro da economía mundial. Algúns destes países están, ante esta situación, realizándolles peticións ós organismos financeiros internacionais, especialmente ó Fondo Monetario Internacional, para obterer facilidades financeiras coas que poideren renegocia-la súa situación crediticia e obter recursos que financien os seus plans de estabilización.

O número de países que demandan nestes momentos este tipo de axudas incrementouse ó aumentar asemade a inestabilidade financeira a nivel internacional. Os recursos para satisfacer este tipo de demandas estanse a facer cada vez máis escasos e cómpre que aquelas nacións que dispoñen dunha posición financeira a nivel internacional máis sólida fagan efectivos os seus compromisos con estes organismos financeiros mundiais.

Neste sentido, as institucións financeiras internacionais, especialmente o Fondo Monetario Internacional, están comprometidas nun denodado esforzo para lograr unha adecuada atención destas demandas.

O feito de que o Fondo Monetario Internacional poida dispoñer de recursos financeiros suficientes coa rapidez necesaria dada a situación en que se encontran os mercados financeiros nestes momentos, explica o recurso ó presente instrumento normativo, certamente excepcional, e xustifica sobexamente a urxencia con que debe ser tramitado co obxecto de cumprilos obxectivos descritos polo presente real decreto-lei.

Esta norma posibilita, en primeiro lugar, o pagamento polo Reino de España do importe do aumento da súa cota no Fondo Monetario Internacional ata a suma de 3.048,9 millóns de dereitos especiais de xiro, de conformidade co estipulado na resolución número 53-2 adoptada, con efectos desde o 30 de xaneiro de 1998, pola Xunta de Gobernadores do dito organismo.

Tamén se autoriza a participación do Reino de España nos novos acordos para a obtención de Préstamos do Fondo Monetario Internacional cun compromiso máximo de financiamento de 672 millóns de dereitos especiais de xiro, dándolle así cumprimento á decisión aprobada polo Directorio Executivo do Fondo Monetario Internacional na súa sesión do 27 de xaneiro de 1997.

En terceiro lugar autorízase a ratificación polo Reino de España da cuarta emenda ó Convenio Constitutivo do Fondo Monetario Internacional, o que implica a aceptación dunha nova asignación de dereitos especiais de xiro, que para España supón un aumento de 268,5 millóns de dereitos especiais de xiro, pasando dos actuais 298,8 millóns ó novo montante de 567,3 millóns de dereitos especiais de xiro.

Por último, e para posibilitar unha reacción inmediata no caso de que a evolución da situación económica internacional así o esixise, facúltase o Consello de Ministros para asumir compromisos adicionais ante o Fondo Monetario Internacional ata un importe máximo equivalente a 3.000 millóns de dólares como contribución de España ós mecanismos de axuda multilateral que o Fondo Monetario Internacional puidese establecer. A parte española sería proporcionada polo Banco de España, e figuraría no seu balance como activo fronte ó Fondo Monetario Internacional. Con iso preténdese dota-lo Goberno da flexibilidade suficiente para poder colaborar a estabilizar áreas económicas tan sensibles para a economía española como os países iberoamericanos, cos que as relacións económicas e financeiras son cada vez máis estreitas.

O Reino de España é consciente da importancia que a súa contribución, e a doutros países que dispoñen dunha sólida situación financeira internacional, ten para o adecuado desenvolvemento das funcións do Fondo Monetario Internacional. Iso, en última instancia, constitúe un apoio claro á estabilización destas economías con dificultades e, xa que logo, da economía mundial e da nosa propia economía. Velaí que cómpre, coa maior brevidade posible, facer efectivos os compromisos que se contraeron co Fondo Monetario Internacional, que, dado que estas operacións se realizan con cargo á conta de reservas do Banco de España, non terán impacto orzamentario ningún. O presente real decreto-lei pretende habilitar para a asunción desas obrigas e ó mesmo tempo articular mecanismos a través dos cales se poida apoiar unha zona de potencial inestabilidade, que son os países iberoamericanos.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, e para atender coa maior bre-

vidade as necesidades expostas, por proposta do vice-presidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de outubro de 1998,

## DISPONGO:

*Artigo 1. Concorrenza do Reino de España ó décimo primeiro aumento de cotas do Fondo Monetario Internacional.*

1. O Reino de España aumentará a súa cota no Fondo Monetario Internacional (FMI) ata o montante de 3.048,9 millóns de dereitos especiais de xiro, de conformidade co estipulado na resolución número 53-2 adoptada, con efectos desde o 30 de xaneiro de 1998, pola Xunta de Gobernadores do dito organismo, a tradución da cal figura anexa ó presente real decreto-lei.

2. O pagamento por España do importe do aumento da súa cota, que ascende a 1.113,5 millóns de dereitos especiais de xiro, efectuarase nun 25 por 100 en dereitos especiais de xiro ou en moeda doutros países membros que o FMI determine, e o 75 por 100 restante en moeda nacional, que se despositará nas contas do fondo.

*Artigo 2. Adhesión de España ós novos acordos para a obtención de préstamos do Fondo Monetario Internacional.*

1. Apróbase a adhesión do Reino de España, como membro participante, ós novos acordos para a obtención de préstamos do Fondo Monetario Internacional. Establécese un compromiso máximo de financiamento ó Fondo Monetario Internacional de 672 millóns de dereitos especiais de xiro de conformidade co estipulado na Decisión aprobada polo Directorio Executivo do Fondo Monetario Internacional na súa sesión do 27 de xaneiro de 1997, a tradución da cal figura anexa ó presente real decreto-lei.

2. As decisións relativas ás disposicións efectivas de fondos no marco dos novos acordos serán adoptadas polo ministro de Economía e Facenda, logo de consulta co Banco de España.

*Artigo 3. Ratificación polo Reino de España da cuarta emenda ó Convenio Constitutivo do Fondo Monetario Internacional.*

1. Autorízase a ratificación polo Reino de España da cuarta emenda ó Convenio Constitutivo do Fondo Monetario Internacional, a tradución da cal figura anexa ó presente real decreto-lei.

2. Queda autorizada igualmente a recepción de 268.572.777 dereitos especiais de xiro emitidos polo Fondo Monetario Internacional de conformidade co estipulado na Resolución número 52-4, adoptada pola Xunta de Gobernadores do Fondo Monetario Internacional, a tradución da cal figura anexa ó presente real decreto-lei.

*Artigo 4. Atención á necesidade de recursos adicionais polo Fondo Monetario Internacional.*

No suposto de que o Fondo Monetario Internacional necesitase recursos adicionais logo da instrumentación por el de mecanismos de financiamento, facúltase o Goberno para que, mediante acordo do Consello de Ministros, poida contribuír ós anteriores asumindo compromisos fronte ó Fondo Monetario Internacional por un importe equivalente de ata 3.000 millóns de dólares.

Disposición derradeira primeira. *Autorización ó Banco de España.*

1. O Banco de España fará efectivo o pagamento da ampliación de cota a que se refire o artigo 1 do presente real decreto-lei. O financiamento das obrigas que se derivan do novo acordo de préstamos, así como, se é o caso, dos compromisos a que se refire o artigo 4, será realizado polo Banco de España. Os ditos financiamentos recolleranse no balance do Banco de España como activos fronte ó Fondo Monetario Internacional.

2. Autorízase o Banco de España, de acordo co establecido no artigo 13.2 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, a que recolla no seu balance a asignación de dereitos especiais de xiro prevista no artigo 3 deste real decreto-lei.

Disposición derradeira segunda. *Autorización ó ministro de Economía e Facenda.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para adoptar cantas medidas sexan precisas para a execución do disposto no presente real decreto-lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto-lei entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de outubro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## RESOLUCIÓN 53-2

### Xunta de Gobernadores

*Aumento das cotas dos países membros do FMI: décimo primeira revisión xeral*

Por canto o Directorio Executivo someteu a consideración da Xunta de Gobernadores un informe titulado «Aumento das cotas dos países membros do Fondo: décimo primeira revisión xeral», que contén recomendacións sobre os aumentos das cotas dos distintos países membros do Fondo, e

Por canto o Directorio Executivo recomendou que a seguinte resolución da Xunta de Gobernadores, na que se propoñen aumentos das cotas dos países membros do Fondo como resultado da décimo primeira revisión xeral de cotas e se regulan certos asuntos conexos, se adopte por votación sen reunión consonte a sección 13 dos Estatutos do Fondo:

Por tanto, a Xunta de Gobernadores resolve pola presente resolución:

1. O Fondo Monetario Internacional propón que, con suxeición ás disposicións desta resolución, as cotas dos países membros se aumenten ás cantidades indicadas no anexo desta resolución.

2. O aumento da cota dun país membro proposto nesta resolución só producirá efecto se o país membro lle notifica ó Fondo que o acepta como máis tarde na data que corresponda segundo o parágrafo 4, e o paga integramente no prazo determinado conforme o parágrafo 5, coa salvidade de que ningún país membro que teña obrigas en mora fronte á Conta de Recursos Xerais por recompras, cargos ou contribucións poderá aceptar ou paga-lo aumento da súa cota ata se pór ó día no pagamento desas obrigas.

3. Ningún aumento de cotas entrará en vigor antes da data en que o Fondo determine que os países membros que aceptaron o aumento das súas cotas reúnen non menos do 85 por 100 do total das cotas na data do 23 de decembro de 1997.

4. As notificacións a que se refire o parágrafo 2 efectuaranse por intermedio dun funcionario debidamente autorizado do país membro e deberanse recibir no Fondo antes das dezoito, hora de Washington, do día 29 de xaneiro de 1999, coa salvidade de que o Directorio Executivo podería dispor unha prórroga deste prazo.

5. Os países membros pagaránlle ó Fondo o aumento da súa cota dentro do prazo de trinta días contados desde a última das datas seguintes: a) a data en que lle notifiquen ó Fondo a súa aceptación, ou b) a data en que o Fondo efectúe a determinación a que se refire o parágrafo 3, coa salvidade de que o Directorio Executivo poderá dispor unha prórroga do prazo para o pagamento.

6. Ó decidi-la prórroga do prazo de aceptación ou de pagamento do aumento de cotas, o Directorio Executivo considerará en especial a situación dos países membros que aínda desexen aceptar ou paga-lo aumento da súa cota, incluídos os países que teñan atrasos prolongados fronte á Conta de Recursos Xerais por recompras, cargos ou contribucións en mora e que, a xuízo da institución, estean a colaborar para liquidarlas devanditas obrigas.

7. No tocante ós países membros que aínda non aceptaron o aumento das súas cotas no marco da novena revisión, o prazo de aceptación do dito aumento prorrogarase ata a data determinada no parágrafo 3. No tocante ós países que aínda non pagaron o aumento das súas cotas no marco da novena revisión, o prazo para o pagamento do dito aumento prorrogarase ata trinta días despois da data determinada no parágrafo 3.

Os países membros pagarán o 25 por 100 do seu aumento en dereitos especiais de xiro ou nas moedas doutros países membros que o Fondo especifique coa conformidade dos respectivos países emisores, ou parte en dereitos de xiro e parte nesas moedas. O resto do aumento pagarase na moeda nacional do país membro aceptante.

## FONDO MONETARIO INTERNACIONAL

### Resolución da Xunta de Gobernadores

*Incremento de cotas dos membros do Fondo-  
Décimo primeira revisión xeral*

	Cota proposta (en millóns de DEG)
--	--------------------------------------

1	Afganistán .....	161,9
2	Albania .....	48,7
3	Alxeria .....	1.254,7
4	Angola .....	286,3
5	Antigua e Barbuda .....	13,5
6	Arxentina .....	2.117,1
7	Armenia .....	92,0
8	Australia .....	3.236,4
9	Austria .....	1.873,3
10	Azerbaixán .....	160,9
11	As Bahamas .....	130,3
12	Bahrain .....	135,0
13	Bangladesh .....	533,3
14	Barbados .....	67,5
15	Bielorrusia .....	386,4
16	Bélxica .....	4.605,2

	Cota proposta (en millóns de DEG)		Cota proposta (en millóns de DEG)		
17	Belice .....	18,8	85	Kazakhistán .....	365,7
18	Benin .....	61,9	86	Kenya .....	271,4
19	Bután .....	6,3	87	Kiribati .....	5,6
20	Bolivia .....	171,5	88	Corea .....	1.633,6
21	Bosnia/Hercegovina .....	169,1	89	Kuwait .....	1.381,1
22	Bostwana .....	63,0	90	República Kirguisa .....	88,8
23	Brasil .....	3.036,1	91	Laos .....	52,9
24	Brunei Darussalam .....	215,2	92	Letonia .....	126,8
25	Bulgaria .....	640,2	93	Líbano .....	203,0
26	Burkina-Faso .....	60,2	94	Lesoto .....	34,9
27	Burundi .....	77,0	95	Liberia .....	129,2
28	Camboxa .....	87,5	96	Libia .....	1.123,7
29	Camerún .....	185,7	97	Lituania .....	144,2
30	Canadá .....	6.369,2	98	Luxemburgo .....	279,1
31	Cabo Verde .....	9,6	99	Macedonia .....	68,9
32	República Centroafricana .....	55,7	100	Madagascar .....	122,2
33	Chad .....	56,0	101	Malawi .....	69,4
34	Chile .....	856,1	102	Malasia .....	1.486,6
35	China .....	4.687,2	103	Maldivas .....	8,2
36	Colombia .....	774,0	104	Mali .....	93,3
37	Comores .....	8,9	105	Malta .....	102,0
38	Congo .....	533,0	106	Illas Marshall .....	3,5
39	Congo .....	84,6	107	Mauritania .....	64,4
40	Costa Rica .....	164,1	108	Mauricio .....	101,6
41	Costa de Marfil .....	325,2	109	México .....	2.585,5
42	Croacia .....	365,1	110	Micronesia .....	5,1
43	Chipre .....	139,6	111	Moldovia .....	123,2
44	República Checa .....	819,3	112	Mongolia .....	51,1
45	Dinamarca .....	1.642,8	113	Marrocos .....	588,2
46	Xibutí .....	15,9	114	Mozambique .....	113,6
47	Dominica .....	8,2	115	Myanmar .....	258,4
48	República Dominicana .....	218,9	116	Namibia .....	136,5
49	Ecuador .....	302,3	117	Nepal .....	71,3
50	Exipto .....	943,7	118	Países Baixos .....	5.162,4
51	O Salvador .....	171,3	119	Nova Celandia .....	894,6
52	Guinea Ecuatorial .....	32,6	120	Nicaragua .....	130,0
53	Eritrea .....	15,9	121	Níxer .....	65,8
54	Estonia .....	65,2	122	Nixeria .....	1.753,2
55	Etiopía .....	133,7	123	Noruega .....	1.671,7
56	Fixi .....	70,3	124	Omán .....	194,0
57	Finlandia .....	1.263,8	125	Paquistán .....	1.033,7
58	Francia .....	10.738,5	126	Palau Rep. ....	3,1
59	Serbia/Montenegro .....	467,3	127	Panamá .....	206,6
60	Gabón .....	154,3	128	Papúa-Nova Guinea .....	131,6
61	Gambia .....	31,1	129	Paraguai .....	99,9
62	Xeorxia .....	150,3	130	Perú .....	638,4
63	Alemaña .....	13.008,2	131	Filipinas .....	879,9
64	Gana .....	369,0	132	Polonia .....	1.369,0
65	Grecia .....	823,0	133	Portugal .....	867,4
66	Granada .....	11,7	134	Qatar .....	263,8
67	Guatemala .....	210,2	135	Romanía .....	1.030,2
68	Guinea .....	107,1	136	Rusia .....	5.945,4
69	Guinea-Bissau .....	14,2	137	Ruanda .....	80,1
70	Güiana .....	90,9	138	Samoa .....	11,6
71	Haití .....	81,9	139	San Marino .....	17,0
72	Honduras .....	129,5	140	San Tomé e Príncipe .....	7,4
73	Hungría .....	1.038,4	141	Arabia Saudí .....	6.985,5
74	Islandia .....	117,6	142	Senegal .....	161,8
75	India .....	4.158,2	143	Seicheles .....	8,8
76	Indonesia .....	2.079,3	144	Serra Leona .....	103,7
77	Irán .....	1.497,2	145	Singapur .....	862,5
78	Iraq .....	1.188,4	146	Slovak República .....	357,5
79	Irlanda .....	838,4	147	Eslovenia .....	231,7
80	Israel .....	928,2	148	Illas Salomón .....	10,4
81	Italia .....	7.055,5	149	Somalia .....	81,7
82	Xamaica .....	273,5	150	África do Sur .....	1.868,5
83	Xapón .....	13.312,8	151	España .....	3.048,9
84	Xordania .....	170,5	152	Sri Lanka .....	413,4

	Cota proposta (en millóns de DEG)
153 Sr. Kitss an Nevis .....	8,9
154 Santa Lucía .....	15,3
155 San Vicente e Granadi- nas .....	8,3
156 Sudán .....	315,1
157 Suriname .....	92,1
158 Suíza .....	50,7
159 Suecia .....	2.395,5
160 Switzerland .....	3.458,5
161 Siria Arabia Rep. ....	293,6
162 Taxiquistán .....	87,0
163 Tanzania .....	198,9
164 Tailandia .....	1.981,9
165 Togo .....	73,4
166 Tonga .....	6,9
167 Trinidad e Tobago .....	335,6
168 Tunicia .....	286,5
169 Turquía .....	964,0
170 Turkmenistán .....	75,2
171 Uganda .....	180,5
172 Ucraína .....	1.372,0
173 Emiratos Árabes Unidos	611,7
174 Reino Unido .....	10.738,5
175 Estados Unidos .....	37.149,5
176 Uruguai .....	306,5
177 Usbequistán .....	275,6
178 Vanuatu .....	17,0
179 Venezuela .....	2.659,1
180 Vietnam .....	329,1
181 Iemen República .....	243,5
182 Zambia .....	489,1
183 Cimbabue .....	353,4

## DECISIÓN APROBADA POLO DIRECTORIO DO FMI NA SÚA SESIÓN DO 27 DE XANEIRO DE 1997

### NOVOS ACORDOS PARA A OBTENCIÓN DE PRÉSTAMOS

#### A) Novos acordos para a obtención de préstamos

##### PREÁMBULO

Co fin de que o Fondo Monetario Internacional poida cumprir máis eficazmente a súa función no sistema monetario internacional, varios países dotados de capacidade financeira para apoia-lo sistema monetario internacional conviñeron en pór á disposición do Fondo recursos mediante o outorgamento de préstamos por sumas non maiores de determinadas contías cando se necesiten recursos suplementarios para contrarrestar ou facerlle fronte a unha deterioración do sistema monetario internacional ou para afrontar unha situación excepcional que represente un perigo para a estabilidade dese sistema. Co fin de facer realidade esas intencións adóptanse as seguintes disposicións conforme o artigo VII, sección 1 do Convenio Constitutivo.

#### Parágrafo 1. *Definicións.*

a) Na acepción que se lles dá ás seguintes expresións na presente decisión:

i) «Contía dun acordo de crédito» significa a cantidade máxima, expresada en dereitos especiais de xiro, que un participante se compromete a lle prestar ó Fondo no marco dun acordo de crédito.

ii) «Convenio» significa o Convenio Constitutivo do Fondo Monetario Internacional.

iii) «Contía comprometida dispoñible» significa a contía do acordo de crédito dun participante, deducidos os saldos comprometidos ou xirados.

iv) «Moeda prestada» ou «moeda obtida en préstamo» significa a moeda transferida á conta do Fondo no marco dun acordo de crédito.

v) «Petición de fondos» significa a notificación efectuada polo Fondo a un participante para os efectos de que efectúe unha transferencia, enmarcada no seu acordo de crédito, á conta do Fondo.

vi) «Acordo de crédito» significa o compromiso de lle outorgar crédito ó Fondo nas condicións da presente decisión.

vii) «Moeda efectivamente convertible» significa unha moeda incluída no orzamento operativo trimestral do Fondo para os efectos da realización de transferencias.

viii) «Xirador» significa un país membro que lle compra ó Fondo moeda obtida en préstamo no marco dunha transacción cambiaria, incluídas as transaccións cambiarias realizadas no contexto dun acordo de dereito de xiro ou un acordo ampliado.

ix) «Endebedamento» do Fondo significa a suma que este se compromete a reembolsar no marco dun acordo de crédito.

x) «País membro» significa un país membro do Fondo.

xi) «Participante» significa un país membro participante ou unha institución participante.

xii) «Institución participante» significa unha institución oficial dun país membro que subscribise co Fondo un acordo de crédito co consentimento do país membro, ou unha institución oficial dun país non-membro que subscribise co Fondo un acordo de crédito.

xiii) «País membro participante» significa un país membro que subscribise co Fondo un acordo de crédito.

b) Para os efectos da presente decisión, a autoridade monetaria de Hong Kong (HKMA) considerárase como institución oficial do país membro do territorio do cal forme parte Hong Kong, entendendo que:

i) Os préstamos outorgados pola HKMA e os pagamentos efectuados polo Fondo á HKMA conforme a presente decisión denominaranse, en principio, na moeda dos Estados Unidos de América, a non ser que o Fondo e maila HKMA conveñan en que se denominen na moeda doutro país membro.

ii) A participación da HKMA non dará lugar á aplicación do parágrafo 6A ó país membro do territorio do cal forme parte Hong Kong.

iii) Entenderase que as referencias á posición de balanza de pagamentos e de reservas contidas nos parágrafos 7Ac), 7Bb) e 11e) se referirán á balanza de pagamentos e ás reservas de Hong Kong.

#### Parágrafo 2. *Acordos de crédito.*

a) Todo membro ou institución que se adhira á presente decisión comprometerase a lle outorgar préstamos ó Fondo nas condicións previstas na presente decisión pola contía máxima, en dereitos especiais de xiro, establecida no anexo da presente decisión ou disposta conforme o parágrafo 3b).

b) A menos que se convenga outra cousa co Fondo, os préstamos enmarcados na presente decisión efectuaranse na moeda do participante. Se este é unha institución dun país non-membro, o Fondo e mailo participante convirán qué moeda(s) dun ou máis países membros teñen que se utilizar para os préstamos. Os acordos

previstos no presente parágrafo estarán supeditados ó consentimento de calquera país membro do que a súa moeda teña que se usar para os préstamos.

### Parágrafo 3. *Adhesión.*

a) Calquera membro ou institución especificado no anexo poderase adherir á presente decisión conforme o disposto no parágrafo 3c).

b) Calquera membro ou institución non especificado no anexo, incluída unha institución dun país non-membro, poderá solicita-lo recoñecemento da súa calidade de participante no momento da renovación da presente decisión conforme o disposto no parágrafo 19. Todo membro ou institución que, conforme o que antecede, desexe converterse en participante, deberá consultar co Fondo e dar a coñece-la súa vontade de se adherir á presente decisión, e se o Fondo e mailos participantes que representen o 80 por 100 do montante agregado dos acordos de crédito conforme a decisión renovada así o consenten, o membro ou a institución poderase adherir conforme o disposto no parágrafo 3c). Ó dar a coñece-la súa vontade de se adherir conforme o presente parágrafo 3b), o membro ou a institución deberá especificar o montante, expresado en dereitos especiais de xiro, do acordo de crédito que está disposto a subscribir, que non poderá ser inferior ó montante do acordo de crédito do participante cun acordo de crédito que sexa de montante máis baixo. A admisión dun novo participante dará lugar a unha redución proporcional do montante dos acordos de crédito de tódolos participantes existentes con acordos de crédito que superen o do participante ó que corresponda o acordo de crédito de máis baixo montante. Esa redución proporcional do montante dos acordos de crédito dos participantes equivalerá, en cifras agregadas, ó montante do acordo de crédito do novo participante, deducido todo incremento do montante agregado dos acordos de crédito decidido conforme o disposto no parágrafo 5a), coa salvidade de que non se poderá reduci-lo montante do acordo de crédito de ningún participante ata o facer inferior ó montante mínimo estipulado no anexo.

c) Para se adherir á presente decisión, os países membros ou as institucións deberán depositar no Fondo un instrumento no que farán saber que a súa adhesión se realizou conforme a súa lexislación interna, e que adoptaron tódalas medidas necesarias para poder cumprir-las condicións da presente decisión. Unha vez depositado o instrumento, o país membro ou a institución adquirirá a condición de participante na data do depósito, ou, se fose posterior, na data de entrada en vigor da presente decisión.

### Parágrafo 4. *Entrada en vigor.*

A presente decisión entrará en vigor cando se adheran a ela países membros e institucións incluídos no anexo que represente polo menos acordos de crédito por un valor non inferior a DEG 28.900 millóns, incluídos os cinco países membros ou institucións ós que lles correspondan os acordos de crédito de maior montante especificados no anexo.

### Parágrafo 5. *Modificación do montante dos acordos de crédito.*

a) Cando se autorice un país membro ou unha institución, conforme o parágrafo 3b), a se adherir á presente decisión, o Fondo poderá incrementa-lo montante agregado dos acordos de crédito se o consenten par-

ticipantes que representen o 85 por 100 do montante agregado deses acordos; o incremento non poderá supera-lo montante do acordo de crédito do novo participante.

b) O montante dos acordos de crédito individuais dos participantes poderá ser revisado cada certo tempo á luz das circunstancias que sobreveñan, e modificarse co consentimento do Fondo e de participantes que representen o 85 por 100 do montante agregado dos acordos de crédito, incluído cada un dos participantes que teña acordos de crédito que se deban modificar. Esta disposición só poderá ser emendada co consentimento de tódolos participantes.

### Parágrafo 6. *Iniciación do procedemento.*

#### A) Participantes:

Cando un país membro participante ou un país membro do que a institución sexa un participante acuda ó Fondo para os efectos de realizar unha transacción cambiaria ou subscribir un acordo de dereito de xiro ou acordo ampliado, e o director xerente, tras realizar consultas, chegue á conclusión de que a transacción cambiaria ou o acordo de dereito de xiro ou acordo ampliado é necesario para contrarrestar ou facerlle fronte a unha deterioración do sistema monetario internacional, e que é necesario suplementa-los recursos do Fondo para eses efectos, o director xerente poderá poñer en marcha o procedemento establecido no parágrafo 7A.

#### B) Non-participantes:

O director xerente poderá pór en marcha o procedemento estipulado no parágrafo 7A en relación con transaccións cambiarias solicitadas por países membros que non sexan participantes se a) as transaccións cambiarias son i) transaccións realizadas nos tramos superiores de crédito, ii) transaccións enmarcadas en acordos de dereito de xiro ou período dos cales supere o primeiro tramo de crédito, iii) transaccións enmarcadas en acordos ampliados, ou iv) transaccións realizadas no primeiro tramo de crédito en conxunción cun acordo de dereito de xiro ou un acordo ampliado, e b) unha vez celebradas consultas o director xerente chega á conclusión de que é necesario suplementa-los recursos do Fondo para atender solicitudes reais e previsibles de financiamento que reflectan a existencia dunha situación excepcional vinculada con problemas de balanza de pagamentos experimentados por países membros que polo seu carácter ou magnitude agregada poidan representar un perigo para a estabilidade do sistema monetario internacional. Ó efectuar propostas de petición de fondos conforme o parágrafo 6B, o director xerente deberá ter debidamente en conta as peticións de fondos que poidan formularse conforme o parágrafo 6A.

### Parágrafo 7. *Propostas e peticións de fondos.*

#### A) Propostas:

a) O director xerente só poderá efectuar unha proposta de petición de fondos conforme a presente decisión unha vez celebradas consultas cos directores executivos e cos participantes.

b) Ó efectuar unha proposta de préstamo de recursos ó Fondo, o director xerente deberá identifica-lo potencial xirador, a contía, e o período durante o cal se poderán efectuar peticións dos recursos solicitados na proposta.

c) Se un participante chega á conclusión de que a súa posición de balanza de pagamentos e reservas, actual e previsible, lle impedirán atender peticións de

fondos enmarcadas nunha proposta, situación que normalmente se reflectiría na exclusión do país membro da lista de países incluídos no texto do orzamento operativo trimestral do Fondo para os efectos da realización de transferencias nas súas moedas, así llo fará saber ó Fondo e ós demais participantes. Se o participante é unha institución dun país non-membro, consultará co Fondo con respecto á posición de balanza de pagamentos e reservas dese país non-membro antes de adoptar unha resolución conforme con esta disposición. Prevese que os participantes, para chegaren a unha conclusión a este respecto, actúen con prudencia e teñan en conta a opinión do Fondo e dos demais participantes.

d) A menos que se estableza outra cosa conforme o parágrafo 7A e), a proposta referirase a peticións de fondos proporcionais ó montante do acordo de crédito de cada participante.

e) O director xerente poderá efectuar unha proposta referente a peticións de fondos que non sexan proporcionais ó montante do acordo de crédito de cada participante se se dan as seguintes condicións:

i) Que non se poidan efectuar peticións de fondos proporcionais suficientes para obter dos participantes o montante agregado que se require para financiar as transaccións cambiarias propostas debido a que o montante comprometido dispoñible de polo menos un participante sexa insuficiente para atender esa petición de fondos proporcional, caso en que o director xerente lle poderá solicitar a cada participante cun montante comprometido dispoñible que tería sido suficiente para atender plenamente esa petición de fondos proporcional que proporcione a suma prevista nesta última, coa salvidade de que, se o director xerente lles solicita a todos eses participantes que proporcionen as referidas sumas, tamén lle deberá solicitar a cada un dos participantes con montantes comprometidos dispoñibles que terían sido insuficientes para atender esa petición de fondos proporcional que proporcionen unha suma na medida do seu montante comprometido dispoñible. Se é necesario, o director xerente poderalle solicitar tamén unha suma adicional á proporcionada conforme a oración anterior, a un participante o compromiso dispoñible do cal supere o montante que o mesmo tería que proporcionar conforme esa petición de fondos proporcional.

ii) Se non se poden efectuar peticións de fondos proporcionais suficientes para obter dos participantes o montante agregado necesario para financiar as transaccións cambiarias propostas debido a que polo menos un participante carece do volume suficiente do (dos) tipo(s) de moeda(s) necesario(s) para a realización das transaccións cambiarias propostas, o director xerente poderalles solicitar a tódolos participantes que estean en condicións de proporcionar-la(s) moeda(s) necesaria(s), que proporcionen a suma correspondente a esa petición de fondos proporcional, por un montante que non supere o do seu compromiso dispoñible, ou, se esta última suma fose menor, polo montante que estean en condicións de proporcionar. Se é necesario, o director xerente tamén lle poderá solicitar a un participante o compromiso dispoñible do cal supere o montante dos recursos que tería de proporcionar conforme esa petición proporcional, e que estea en condicións de proporcionar-lo (los) tipo(s) de moeda(s) necesario(s), que proporcione certa suma na(s) moeda(s) necesaria(s), ademais da prevista conforme a oración anterior.

f) Para que a proposta poida ser aceptada conforme o parágrafo 7A g) requirirase o consentimento de tódolos participantes que se comprometerían a subministraren, proporcionalmente, máis recursos ca polo menos outro participante.

g) Se entre os participantes non existe unanimidade, a cuestión de se os participantes están dispostos a facilitar, mediante o outorgamento de préstamos ó Fondo, as transaccións cambiarias ou o acordo de dereito de xiro ou acordo ampliado especificados na proposta, decidirse por votación entre os participantes. Para que se poida adoptar unha decisión favorable requirirase unha maioría que represente o 80 por 100 do montante agregado dos acordos de crédito dos participantes habilitados para votar. A decisión seralle notificada ó Fondo.

h) Non estarán habilitados para votar en relación coa proposta o xirador, a súa institución participante nin os participantes que fixesen saber que non atenderán peticións de fondos enmarcadas nunha proposta.

i) Só se poderán executar as propostas que sexan aceptadas polos participantes conforme o parágrafo 7A g) e logo sexan aprobadas polo Directorio Executivo.

j) Unha vez aceptada unha proposta, os compromisos e xiros non se verán afectados por posteriores modificacións do montante dos acordos de crédito.

#### B) Peticións de fondos:

a) A menos que se dispoña outra cosa nunha futura proposta de petición de fondos aprobada conforme o parágrafo 7A, toda petición de fondos se realizará en proporción ós montantes da proposta.

b) A menos que o participante dea o seu consentimento, non se poderán efectuar peticións de fondos con respecto a un participante, ó que en caso contrario se lle puidesen ter efectuadas peticións de fondos conforme o presente parágrafo, cando en virtude da súa posición de balanza de pagamentos e reservas, actual e previsible, o país membro non figure, nin o director xerente propoña que se inclúa, na lista de países que figure no texto do orzamento operativo trimestral do Fondo para os efectos da realización de transferencias da súa moeda. Se o participante é unha institución dun país non-membro, o Fondo, trala realización de consultas co participante, determinará a súa capacidade para atender peticións de fondos conforme a presente decisión, para o cal terá en conta a posición de balanza de pagamentos e reservas, actual e previsible, do país non-membro. Se unha petición de fondos non se efectúa en relación cun participante, o director xerente poderalles propoñer ós demais participantes que poñan á disposición do Fondo montantes substitutivos enmarcados nos seus acordos de crédito, e esa proposta estará suxeita ó procedemento do parágrafo 7A.

c) Cando o Fondo efectúe unha petición de fondos conforme o presente parágrafo, o participante deberá efectuar con celeridade a transferencia conforme o solicitado.

#### Parágrafo 8. *Proba de endebemento.*

a) O Fondo entregarlles ós participantes que o soliciten instrumentos non negociables que acrediten o endebemento do Fondo fronte ó participante. O Fondo e mailo participante convirán a forma dos instrumentos.

b) Unha vez reembolsado o montante de calquera instrumento emitido conforme o parágrafo 8a), así como tódolos xuros acumulados, o instrumento seralle devolto ó Fondo para a súa cancelación. Se se reembolsa un montante inferior ó de calquera deses instrumentos, o instrumento seralle devolto ó Fondo e será substituído por un novo instrumento polo saldo, coa mesma data de vencemento có vello instrumento.

#### Parágrafo 9. *Xuros.*

a) O Fondo pagará xuros polo seu endebedamento conforme a presente decisión, a unha taxa de xuro equivalente ó tipo de xuro combinado do mercado calculado polo Fondo con certo tempo para os efectos de determina-la taxa de xuro que paga polas tenzas de dereitos especiais de xiro, ou calquera taxa de xuro maior que poidan acordar conxuntamente o Fondo e mailos participantes que representen polo menos o 80 por 100 do montante agregado dos acordos de crédito.

b) Toda modificación do método de cálculo do tipo de xuro combinado do mercado poderase aplicar ó endebedamento do Fondo conforme a presente decisión, só se o conveñen o Fondo e mailos participantes ós que lles corresponda o 80 por 100 do montante agregado dos seus acordos de crédito, coa salvidade de que, se un participante así o solicita ó se subscribir ese acordo, a modificación non se aplicará ó endebedamento do Fondo fronte a ese participante e que estea pendente de reembolso na data de entrada en vigor desa modificación.

c) Os xuros acumularanse diariamente e pagaranse canto antes tras cada 31 de xullo, 31 de outubro, 31 de xaneiro e 30 de abril.

d) Os xuros debidos a un participante pagaranse, segundo o determine o Fondo en consulta co participante, en dereitos especiais de xiro, na moeda do participante, na moeda obtida en préstamo ou noutras moedas que sexan efectivamente convertibles.

#### Parágrafo 10. *Uso da moeda obtida en préstamo.*

As políticas e prácticas do Fondo previstas no artigo V, seccións 3 e 7, referentes ó uso dos seus recursos xerais e ós acordos de dereito de xiro e acordos ampliados, incluídas as referentes ó período de uso, aplicaranse ás compras de moedas obtidas en préstamo polo Fondo. Ningunha das disposicións previstas nesta decisión se poderá entender en detrimento da autoridade do Fondo referente ás solicitudes de uso dos seus recursos por parte de países membros individuais, e o acceso a eses recursos por parte dos países membros rexerese polas políticas e prácticas do Fondo e non dependerá do feito de que o Fondo poida obter préstamos conforme a presente decisión.

#### Parágrafo 11. *Reembolsos a cargo do Fondo.*

a) Con suxeición ás restantes disposicións do presente parágrafo 11, o Fondo, cinco anos despois da realización dunha transferencia por parte dun participante, reembolsaralle a este último unha suma equivalente á da transferencia calculada conforme o parágrafo 12. Se o xirador en relación coa compra do cal os participantes efectúen transferencias se comprometeu a efectuar unha recompra nunha data fixa anterior ó quinto aniversario da súa compra, o Fondo efectuarálle-lo reembolso ós participantes nesa data. O reembolso efectuado conforme o presente parágrafo 11a) ou conforme o parágrafo 11c) efectuarase, segundo o dispoña o Fondo, na moeda do préstamo obtido, sempre que sexa posible; na moeda do participante; en dereitos especiais de xiro por un montante que non incremente as tenzas de dereitos especiais de xiro do participante ata facelo supera-lo límite previsto no artigo XIX, sección 4 do Convenio Constitutivo, a non ser que o participante se obrigue a aceptar dereitos especiais de xiro por un montante superior a ese límite para os efectos do referido reembolso, ou unha vez celebradas consultas co participante, noutras moedas que sexan efectivamente convertibles. Os reembolsos realizados a un participante conforme o parágrafo 11b) e

11e) acreditaranse contra transferencias realizadas polo participante en relación con compras dun xirador na orde en que se deba efectua-lo reembolso conforme o presente parágrafo 11a).

b) Antes da data prevista no parágrafo 11a), o Fondo, unha vez efectuadas consultas cos participantes, poderá efectuar reembolsos parciais ou totais a un ou a varios participantes. O Fondo terá a opción de efectuar reembolsos conforme o presente parágrafo 11b) na moeda do participante, na moeda do préstamo obtido, en dereitos especiais de xiro, nunha suma que non incremente as tenzas de dereitos especiais de xiro do participante ata facela supera-lo límite previsto no artigo XIX, sección 4 do Convenio Constitutivo, a non ser que o participante outorgase o seu consentimento para aceptar dereitos especiais de xiro por un límite superior nese reembolso en concreto, ou, se o participante así o consinte, noutras moedas que sexan efectivamente convertibles.

c) Cando a redución das tenzas do Fondo dunha moeda dun país xirador sexa atribuíble a unha compra de moedas obtidas en préstamo conforme a presente decisión, o Fondo deberá reembolsar coa maior brevidade posible unha suma equivalente. Se o Fondo está endebedado fronte a un participante en virtude de transferencias destinadas a financiar unha compra realizada no tramo de reserva por parte dun xirador e as tenzas do Fondo da moeda dese país que non estean suxeitas a recompra se reducen como consecuencia de vendas netas desa moeda durante un período trimestral cuberto por un orzamento operativo, o Fondo deberá reembolsar ó comezo do seguinte período trimestral unha suma equivalente a esa redución, cun límite máximo do montante do endebedamento fronte ó participante.

d) O reembolso previsto no parágrafo 11c) deberá ser efectuado en proporción ó endebedamento do Fondo fronte ós participantes que efectuasen transferencias en relación coas cales se efectúe o reembolso.

e) Antes da data prevista no parágrafo 11a), o participante poderá facer saber que experimenta unha necesidade de financiamento da balanza de pagamentos, para os efectos do reembolso, total ou parcial, do endebedamento do Fondo, e solicitar ese reembolso. Se o reintegro do seu préstamo pode dar lugar ó outorgamento de préstamos adicionais ó Fondo por parte doutros participantes, o participante que solicite ese reintegro deberá realizar consultas co director xerente e cos demais participantes antes de efectua-la notificación. O Fondo concederá con criterio amplo o beneficio da dúbida ó manifestado polo participante. O reembolso efectuarase, despois de celebra-las consultas co participante, nas moedas doutros países membros que sexan efectivamente convertibles, ou en dereitos especiais de xiro, segundo o decida o Fondo. Se as tenzas do Fondo, de moedas en que se deba efectua-lo reembolso, non son totalmente adecuadas, poderáselles solicitar a participantes individuais que proporcionen o saldo necesario conforme os seus acordos de crédito, sen superaren o límite dos montantes comprometidos dispoñibles respectivos. Para tódolos efectos do presente parágrafo 11 entenderanse que as transferencias efectuadas conforme o presente parágrafo 11e) foron efectuadas simultaneamente e para as mesmas compras cás transferencias efectuadas polo participante que obteña o reembolso conforme este parágrafo 11e).

f) Cando se lle efectúe un reembolso a un participante, o montante que pode ser obxecto de petición de fondos conforme o seu acordo de crédito en virtude da presente decisión restablecerase «pro tanto».

g) Entenderase que o Fondo cumpriu fronte a unha institución participante as súas obrigas de efectua-lo



reembolso conforme as disposicións do presente parágrafo, ou de pagar xuros conforme as disposicións do parágrafo 9, se transfírense unha suma equivalente en dereitos especiais de xiro ó país membro en que esta establecida a institución.

#### Parágrafo 12. *Tipos de cambio.*

a) O valor de calquera transferencia calcularase referida data da remisión das instrucións para a transferencia. O cálculo efectuarase en dereitos especiais de xiro conforme o artigo XIX, sección 7 a) do Convenio Constitutivo, e o Fondo estará obrigado a reembolsar un valor equivalente.

b) Para tódolos efectos da presente decisión, o valor dunha moeda en dereitos especiais de xiro será calculada polo Fondo conforme a regra 0-2 do Regulamento do Fondo.

#### Parágrafo 13. *Transferibilidade.*

Ningún participante poderá transferir, total ou parcialmente, o título que lle confire dereito a obter o reembolso conforme un acordo de crédito, a menos que conte con consentimento previo do Fondo, e nas condicións que o Fondo aprobe.

#### Parágrafo 14. *Notificacións.*

As notificacións que se lles efectúen ós países membros participantes, ou que estes realicen conforme a presente decisión, efectuaranse por escrito ou a través de medios de comunicación rápidos, e serán dirixidas ás, ou, se é o caso, emitidos polas axencias fiscais dos países membros participantes designados conforme o artigo V, sección 1 do Convenio, e á regra G-1 do Regulamento do Fondo. As notificacións que se efectúen a unha institución participante, ou que esta realice, conforme a presente decisión, efectuaranse por escrito ou mediante medios de comunicación rápidos, e serán dirixidas á institución participante, ou emitidas por esta.

#### Parágrafo 15. *Emendas.*

a) Sen prexuízo do establecido nos parágrafos 5b), 15b) e 16, a presente decisión poderá ser emendada dentro do período previsto no parágrafo 19a) e de calquera período ulterior de renovación, se así se decide conforme o parágrafo 19b), pero só en virtude dunha decisión do Fondo e co consentimento de participantes que representen polo menos o 85 por 100 do montante agregado dos acordos de crédito. Ese consentimento non será necesario para a modificación da decisión referente á súa renovación conforme o parágrafo 19b).

b) Se, a xuízo dun participante que votase contra a realización dunha emenda, esta afecta significativamente os seus intereses, o participante estará facultado para revoga-la súa adhesión a esa decisión, o que lle deberá notificar ó Fondo e ós demais participantes dentro dun prazo de noventa días contados a partir da data en que se adoptase a emenda. Esta disposición só se poderá modificar co consentimento de tódolos participantes.

#### Parágrafo 16. *Revogación da adhesión.*

Sen prexuízo do disposto no parágrafo 15b), calquera participante poderá revoga-la súa adhesión á presente

decisión conforme o parágrafo 19b), pero non o poderá facer dentro do período previsto no parágrafo 19a), a menos que o consintan o Fondo e tódolos participantes. Esta disposición só se poderá modificar co consentimento de tódolos participantes.

#### Parágrafo 17. *Perda da calidade de membro do Fondo.*

Se un país membro participante ou un país membro a institución do cal sexa participante deixa de ser membro do Fondo, o acordo de crédito do participante expirará simultaneamente coa perda da calidade de membro. O endebedamento do Fondo conforme o acordo de crédito será tratado como unha cantidade debida polo Fondo para os efectos do artigo XXVI, sección 3, e do anexo J do Convenio.

#### Parágrafo 18. *Suspensión de transaccións cambiarias e liquidación.*

a) O dereito do Fondo de efectuar peticións de fondos conforme o parágrafo 7 e a obriga de efectuar reembolsos conforme o parágrafo 11, suspenderase durante o prazo de calquera suspensión das transaccións cambiarias previsto no artigo XXVII do Convenio.

b) En caso de liquidación do Fondo os acordos de crédito expirarán e o endebedamento do Fondo constituirá unha obriga das previstas no anexo K do Convenio. Para os efectos do parágrafo 1a) do anexo K, a moeda en que se deba cumprir a obriga do Fondo será, en primeiro lugar, a moeda obtida en préstamo; se o anterior non fose posible, será a moeda do participante, e finalmente a moeda do xirador en relación coas compras do cal os participantes efectuasen transferencias.

#### Parágrafo 19. *Prazo e renovación.*

a) A presente decisión manterase en vixencia durante cinco anos a partir da data da súa entrada en vigor. O considera-la renovación desta decisión para o período seguinte ó período de cinco anos previsto no presente parágrafo 19a), o Fondo e os participantes avaliarán o seu funcionamento e efectuarán consultas sobre posibles modificacións.

b) Esta decisión poderá ser renovada polo(s) período(s), e coas modificacións, suxeitas ó disposto nos parágrafos 5b), 15b) e 16, que o Fondo dispoña. O Fondo poderá adoptar unha decisión referente á renovación e modificación como moi tarde doce meses antes da data de expiración do período previsto no parágrafo 19a). Calquera participante poderalle facer saber ó Fondo, como máis tarde seis meses antes da data de expiración do período previsto no parágrafo 19a), a súa intención de revoga-la súa adhesión á decisión renovada. Na falta desa notificación entenderase que o participante se segue adherindo á decisión tal como foi renovada. A revogación da adhesión conforme o presente parágrafo 19b), por parte dun participante, figure ou non no anexo, non impedirá a súa ulterior adhesión conforme o parágrafo 3b).

c) Aínda que a presente decisión se dea por terminada ou non se renove, seguirán aplicándose os parágrafos 8 a 14, 17 e 18b) en relación con calquera endebedamento do Fondo proveniente de acordos de crédito en vigor á data da terminación ou expiración da decisión, ata que se efectuase enteiramente o reembolso. Se un participante revoga a súa adhesión á presente decisión, conforme o previsto no parágrafo 15b), no parágrafo 16, ou no parágrafo 19b), cesará de ser participante conforme a decisión, pero seguirán aplicándose os parágrafos 8 a 14, 17 e 18b) da decisión, á data da revo-

gación, a calquera endebedamento do Fondo enmarcado no anterior acordo de crédito, ata que se efectuase totalmente o reembolso.

**Parágrafo 20. Interpretación.**

Toda cuestión de interpretación que se suscite en relación coa presente decisión e non estea comprendida no previsto no artigo XXIV do Convenio será resolta a mutua satisfacción do Fondo, do participante que formule a cuestión, e de tódolos demais participantes. Para os efectos do previsto no presente parágrafo 20, teranse por participantes tamén os antigos participantes con respecto ós cales se sigan a aplica-los parágrafos 8 a 14, 17 e 18b) conforme o parágrafo 19c), na medida en que calquera deses antigos participantes se vexa afectado pola cuestión de interpretación que se suscite.

**Parágrafo 21. Relación cos acordos xerais para a obtención de préstamos e cos acordos de obtención de préstamos paralelos.**

a) Para os efectos de considera-la posibilidade de activa-los novos acordos para a obtención de préstamos ou os acordos xerais para a obtención de préstamos, o Fondo guiarase polos seguintes principios: os novos acordos para a obtención de préstamos constituirán o servizo financeiro ó que se recorrerá principalmente e en primeiro termo, coas seguintes salvidades:

i) Se un país membro participante ou un país membro a institución do cal sexa participante solicita a realización dun xiro no marco dos acordos xerais para a obtención de préstamos ou dos novos acordos para a obtención de préstamos, poderase efectuar unha proposta de petición de fondos conforme calquera dos dous acordos, e

ii) Se unha proposta conforme os novos acordos para a obtención de préstamos non é aceptada conforme o parágrafo 7A, poderase efectuar unha proposta de petición de fondos conforme os acordos xerais para a obtención de préstamos.

b) O montante dos xiros e compromisos pendentes enmarcados nos novos acordos para a obtención de préstamos e os acordos xerais para a obtención de préstamos non poderá supera-los DEG 34.000 millóns, ou outro montante agregado dos acordos de crédito que poidan estar en vigor conforme a presente decisión. O montante comprometido dispoñible dun participante conforme os novos acordos para a obtención de préstamos reducirase proporcionalmente en función de todo xiro pendente de reembolso, así como dos compromisos do participante conforme os acordos xerais para a obtención de préstamos. O montante comprometido dispoñible dun participante conforme os acordos xerais para a obtención de préstamos reducirase proporcionalmente na medida en que os seus acordos de crédito conforme os acordos xerais para a obtención de préstamos superen o montante comprometido dispoñible que lle corresponda conforme os novos acordos para a obtención de préstamos.

c) As referencias a xiros e compromisos enmarcados nos acordos xerais para a obtención de préstamos incluírán os xiros e compromisos enmarcados nos acordos de obtención de préstamos paralelos ós que se fai referencia no parágrafo 23 dos acordos xerais para a obtención de préstamos.

**Parágrafo 22. Outros acordos para a obtención de préstamos.**

Ningunha disposición contida na presente decisión lle impedirá ó Fondo subscribir calquera outro tipo de acordo para a obtención de préstamos.

## ANEXO

### Participantes e montantes dos acordos de crédito

Para calcula-lo montante do acordo de crédito de cada un dos participantes que aparecen máis adiante na lista tomouse como base inicial, en principio, a solidez da súa economía, reflectida na súa cota no Fondo. O montante dos acordos de crédito está suxeito a un mínimo de DEG 340 millóns. Os montantes foron redistribuídos entre algúns participantes sen altera-lo total correspondente ós participantes afectados pola redistribución e respectando o mínimo. Os montantes, expresados en DEG, dos acordos de crédito individuais, e o seu total, manteranse en vigor a non ser que se modifiquen conforme a presente decisión, e ata que iso ocorra.

O montante do acordo de crédito da Autoridade Monetaria de Hong Kong (HKMA) non foi calculado sobre a base da cota do país membro do territorio do cal forma parte Hong Kong. A disposición especial referente á activación dos NAP para os efectos de atender solicitudes dese país membro inspírase nese mesmo principio.

Participante	Monto en millóns de dereitos especiais de xiro
Arabia Saudí .....	1.780
Australia .....	810
Austria .....	412
Autoridade Monetaria de Hong Kong .....	340
Banco de Suecia .....	859
Banco Federal Alemán .....	3.557
Banco Nacional de Suíza .....	1.557
Bélxica .....	967
Canadá .....	1.396
Corea .....	340
Dinamarca .....	371
España .....	672
Estados Unidos de América .....	6.712
Finlandia .....	340
Francia .....	2.577
Italia .....	1.772
Xapón .....	3.557
Kuwait .....	345
Luxemburgo .....	340
Malasia .....	340
Noruega .....	383
Países Baixos .....	1.316
Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte .....	2.577
Singapur .....	340
Tailandia .....	340

**B) Novos acordos para a obtención de préstamos: transferibilidade dos títulos de crédito**

Conforme o parágrafo 13 dos novos acordos para a obtención de préstamos (NAP), o Fondo consente por anticipado na transferencia de títulos pendentes para a obtención de reembolsos conforme os NAP, nas seguintes condicións:

1. Calquera título de crédito enmarcado nos NAP poderá ser transferido, total ou parcialmente, en calquera momento, a un participante nos NAP.

2. Á data de valor da transferencia, o título de crédito transferido manterase en mans da entidade que reciba a transferencia nas mesmas condicións cós títulos de crédito orixinados no marco do seu acordo de crédito,

coa salvidade de que adquirirá o dereito a solicita-lo reembolso anticipado do título de crédito transferido, en virtude de necesidades de financiamento da balanza de pagamentos conforme o parágrafo 11e) dos NAP, só se, no momento da transferencia, i) o receptor é un país membro, ou a institución dun país membro, cunha balanza de pagamentos e cunhas reservas que se consideren suficientemente sólidas como para que a súa moeda se poida utilizar para a realización de transferencias netas no orzamento operativo do Fondo, ou ii) o receptor da transferencia é a institución dun país non-membro, e a xuízo do Fondo a balanza de pagamentos e as reservas do país non-membro son suficientemente sólidas como para que se xustifique esa adquisición.

3. O prezo do título de crédito transferido será o acordado mutuamente polo receptor da transferencia e entidade que a efectúe.

4. A entidade que efectúe a transferencia dun título de crédito deberalle dar a coñecer coa maior brevidade ó Fondo o título de crédito obxecto da transferencia, o nome da entidade que a reciba, o montante do título obxecto da transferencia, o prezo acordado para a transferencia e a data de valor desta última.

5. A transferencia será rexistrada polo Fondo se se realiza conforme as condicións da presente decisión. A transferencia realizarase á data de valor mutuamente convida polo receptor da transferencia e quen a efectúe.

6. Se un título de crédito se transfire, total ou parcialmente, durante un período trimestral segundo o descrito no parágrafo 9c) dos NAP, o Fondo pagaralle xuros á entidade receptora da transferencia durante todo ese período, pola contía do título de crédito transferido.

7. Se así se solicita, o Fondo ofrecerá asistencia para tratar de concertar transferencias.

8. A presente decisión entrará en vigor na data de entrada en vigor dos NAP.

#### *Reunións dos NAP*

Durante o proceso de establecemento dos novos acordos para a obtención de préstamos (NAP) chegouse a un acordo en canto ós procedementos e ó réxime administrativo das reunións dos participantes. A través deles procúrase complementar —non substituír nin modificar— as disposicións referentes á activación dos novos acordos para a obtención de préstamos contidas na decisión do Fondo.

#### *Frecuencia, oportunidade, materia e nivel de representación*

Os participantes conveñen en que, ademais das reunións que resulten necesarias para a activación, renovación ou emenda dos NAP, sería conveniente que os participantes se reunisen unha vez por ano, con ocasión das reunións anuais do Fondo e mais do Banco, para analizaren temas referentes ós NAP. O obxectivo desas reunións consistiría en avaliar e analiza-la evolución macroeconómica e dos mercados financeiros, en especial en canto inflúa sobre a estabilidade do sistema financeiro e poida facer necesario que o Fondo busque recursos suplementarios para os efectos establecidos no preámbulo dos NAP. Os participantes serían representados por un ministro ou gobernador de banco central, ou un e outro. O representante principal podería designar suplentes para que se reúnan no seu nome. Anualmente, en función dos temas que se teñan que tratar, determinaríase o nivel da reunión (ministerial ou de suplentes).

#### *Presidencia*

A Presidencia do grupo de entidades dos NAP distribuiríase anualmente en forma rotativa. Para iso seguiríase a orde alfabética en inglés dos participantes, conforme a lista que aparece no anexo da presente decisión, comezándose polo primeiro nome desa lista (52). En consulta cos participantes, a Presidencia encargaríase de determina-lo temario da reunión, que versará sobre os temas anteriormente establecidos. Esas consultas servirían tamén para determina-lo nivel de representación (ministerial ou de suplentes) que resulte máis conveniente para a reunión de que se trate.

#### *Apoio*

Baixo a dirección da Presidencia, persoal da sede do FMI ofrecería apoio de secretaría para o grupo. Iso comprendería a subministración de apoio loxístico e o mantemento dun arquivo de documentos referentes ás deliberacións realizadas e ás decisións adoptadas no marco dos NAP.

#### RESOLUCIÓN 52-4

#### **Cuarta emenda do Convenio Constitutivo do Fondo Monetario Internacional**

Os estados signatarios do actual Convenio acordan o seguinte:

1. O texto do artigo XV, sección 1, quedará emendado da maneira seguinte:

a) Co fin de satisfacer a necesidade, cando esta xurda, de complementa-los activos de reserva existentes, o Fondo queda facultado para lles asignar dereitos especiais de xiro ós países membros que sexan participantes no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro, de conformidade co disposto no artigo XVIII.

b) Ademais, o Fondo asignaralles dereitos especiais de xiro ós países membros que sexan participantes no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro, de conformidade co disposto no anexo M.

2. Agregaráselle ó Convenio Constitutivo o seguinte anexo M:

#### ANEXO M

Asignación especial de dereitos especiais de xiro de carácter excepcional:

1. Con suxeición ó disposto no parágrafo 4, todo país membro que, a 19 de setembro de 1997, sexa participante no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro recibirá, no trixésimo día a partir da data de entrada en vigor da cuarta emenda do presente Convenio Constitutivo, unha asignación de dereitos especiais de xiro dun montante que eleve a súa asignación acumulativa neta de dereitos especiais de xiro ó 29,31315788813 por 100 da cota do participante a 19 de setembro de 1997; queda entendido que, no caso dos participantes as cotas dos cales non se axustaron de conformidade co proposto na resolución número 45-2 da Xunta de

(52) Se o participante ó que lle corresponde a Presidencia non estivese en condicións de cumprilas súas funcións, sería substituído polo situado inmediatamente por enriba na lista de participantes que aparece no anexo, se tampouco este estivese dispoñible, polo participante situado nesa lista inmediatamente por debaixo de aquel ó que lle corresponda a Presidencia.

Gobernadores, os cálculos realizaranse con cargo ás cotas propostas nesa resolución.

2. a) Con suxeición ó disposto no parágrafo 4, todo país que pase a ser participante no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro despois do 19 de setembro de 1997, pero dentro dun período de tres meses contados desde a data do seu ingreso no Fondo, recibirá unha asignación de dereitos especiais de xiro equivalente a un montante calculado consonte o disposto nas letras b) e c) deste parágrafo, no trixésimo día seguinte: i) á data en que o novo país membro pase a ser participante no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro ou ii) á data de entrada en vigor da cuarta emenda do presente Convenio Constitutivo, se esta data fose posterior á primeira.

b) Para os efectos do disposto na letra a) deste parágrafo, cada participante recibirá un montante de dereitos especiais de xiro que eleve a súa asignación acumulativa neta ó 29,315788813 por 100 da súa cota na data en que o país membro pase a ser participante no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro cos seguintes axustes:

i) primeiro, multiplicando por 29,315788813 por 100 a relación entre o total das cotas, calculadas, segundo o disposto no parágrafo 1, dos participantes que se describen na letra c) deste parágrafo e o total das cotas dos ditos participantes á data en que o país membro pase a ser un participante no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro, e

ii) segundo, multiplicando o produto mencionado no inciso y) pola relación entre a suma das asignacións acumulativas netas de dereitos especiais de xiro recibidas conforme o artigo XVIII polos participantes que se describen na letra c) deste parágrafo á data en que o país membro pase a ser participante no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro máis as asignacións recibidas polos ditos participantes consonte o disposto no parágrafo 1, e a suma das asignacións acumulativas netas de dereitos especiais de xiro recibidas conforme o artigo XVIII polos ditos participantes ó 19 de setembro de 1997 máis as asignacións recibidas polos devanditos participantes conforme o disposto no parágrafo 1.

c) Para os efectos dos axustes que se terán que realizar conforme o establecido na letra b) deste parágrafo, consideraranse participantes no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro os países membros que sexan participantes a 19 de setembro de 1997 e i) que sigan sendo participantes no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro na data en que o país membro pase a ser participante dese Departamento, e ii) recibisen tódalas asignacións efectuadas polo Fondo despois do 19 de setembro de 1997.

3. a) Con suxeición ó disposto no parágrafo 4, se a República Federativa de Iugoslavia (Serbia/Montenegro) sucede á antiga República Federativa Socialista de Iugoslavia como país membro do Fondo e participante no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro de conformidade cos termos e condicións da Decisión número 10237-(92/150) do Directorio Executivo, adoptada o 14

de decembro de 1992, recibirá unha asignación de dereitos especiais de xiro equivalente a un montante calculado consonte o disposto na letra b) deste parágrafo, no trixésimo día a partir: i) da data en que a República Federativa de Iugoslavia (Serbia/Montenegro) asuma a sucesión como país membro do Fondo e participante no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro de conformidade cos termos e condicións da Decisión número 10237-(92/150) do Directorio Executivo, ou ii) da data de entrada en vigor da cuarta emenda do presente convenio constitutivo, se esta data fose posterior á primeira.

b) Para os efectos do disposto na letra a) deste parágrafo, a República Federativa de Iugoslavia (Serbia/Montenegro) recibirá un montante de dereitos especiais de xiro que elevará a súa asignación acumulativa neta ó 29,315788813 por 100 da cota proposta en virtude do parágrafo 3c) da Decisión número 10237-(92/150) do Directorio Executivo, cos axustes dispostos no parágrafo 2b)ii) e c) á data en que a República Federativa de Iugoslavia (Serbia/Montenegro) reúna as condicións para recibir unha asignación segundo o disposto na letra a) anterior.

4. O Fondo non lle asignará dereitos especiais de xiro a teor do disposto neste anexo z) ós participantes que lle notificasen por escrito ó Fondo antes da data da asignación que non desexan recibila dita asignación.

5. a) Se o participante ten obrigas en mora fronte ó Fondo no momento en que se efectúa unha asignación a este participante de conformidade co disposto nos parágrafos 1, 2 ou 3, os dereitos especiais de xiro asignados desta maneira despositaranse e manteranse nunha conta de depósito bloqueada no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro e liberaráselle ó participante cando este cumpra coa totalidade das súas obrigas fronte ó Fondo.

b) Os dereitos especiais de xiro que se manteñen nunha conta de depósito bloqueada non se poderán utilizar en ningunha forma nin se incluírán no cálculo de asignacións 1 tenzas de dereitos especiais de xiro para os efectos do convenio constitutivo, agás no caso dos cálculos previstos no presente anexo. Se os dereitos especiais de xiro asignados a un participante están retidos nunha conta de depósito bloqueada no momento en que conclúa a súa participación no Departamento de Dereitos Especiais de Xiro ou cando se decida disolver este departamento, os ditos dereitos especiais de xiro serán cancelados.

c) Para os efectos do disposto neste parágrafo, as obrigas en mora fronte ó Fondo comprenden as recompras e os cargos en mora na Conta de Recursos xerais, o principal e os xuros en mora sobre os préstamos na Conta Especial de Desembolsos, os cargos e as contribucións en mora para o funcionamento do Departamento de Dereitos Especiais de Xiro e as obrigas en mora fronte ó Fondo na súa calidade de fiduciario.

d) A excepción feita do disposto neste parágrafo, manterase o principio de separación entre o Departamento Xeral e o Departamento de Dereitos Especiais de Xiro e o carácter incondicional dos dereitos especiais de xiro como activo de reserva.

